

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

1704 *Real decreto 39/2010, do 15 de xaneiro, polo que se derrogan diversas normas estatais sobre acceso a actividades turísticas e o seu exercicio.*

Dentro do noso marco constitucional e, en concreto, de conformidade co previsto no artigo 148.1.18.^a da Constitución e nos seus respectivos estatutos de autonomía, as comunidades autónomas viñeron asumindo as competencias exclusivas en materia de ordenación do turismo no seu ámbito territorial, e aprobando en consecuencia as súas respectivas normas sectoriais reguladoras dos diferentes servizos turísticos, mentres que as normas do Estado mantiñan un carácter supletorio.

Non obstante, o disposto na Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, incorporada ao ordenamento interno mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, á cal seguiu a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, levou á revisión desa normativa turística estatal, e concluíuse que resulta precisa a súa derogación para que, no exercicio das súas competencias, sexan as propias comunidades autónomas as que adapten as correspondentes normas de ordenación conformes coa citada Directiva 2006/123/CE.

No marco deste proceso de modificación, mediante este real decreto derróganse diversas normas regulamentarias estatais que aínda regulan, polo menos con carácter supletorio, o acceso a algunhas actividades turísticas e o seu exercicio.

Trátase de decretos, reais decretos e ordes ministeriais, en moitos casos preconstitucionais, que se considera necesario derrogar expresa e formalmente para que as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, no exercicio das súas competencias, adopten as correspondentes normas de ordenación, que obviamente deberán ser conformes co establecido na Directiva 2006/123/CE.

Todo iso en cumprimento da obriga de incorporar a Directiva 2006/123/CE ao ordenamento xurídico español, obriga que se deduce do disposto no artigo 249 (antigo artigo 189) do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e, así mesmo, no artigo 10 (antigo artigo 5) do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, que dispón que os Estados membros adoptarán todas as medidas xerais ou particulares apropiadas para asegurar o cumprimento das obrigas derivadas deste tratado ou resultantes dos actos das institucións da Comunidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Derrogación de disposicións.*

1. Quedan derrogados os decretos e os reais decretos que se relacionan a continuación:

a) Decreto 231/1965, do 14 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto ordenador das empresas e das actividades turísticas privadas.

b) Decreto 2482/1974, do 9 de agosto, de medidas de ordenación da oferta turística.

c) Real decreto 2877/1982, do 15 de outubro, de ordenación de apartamentos turísticos e de vivendas turísticas de vacacións.

d) Real decreto 1634/1983, do 15 de xuño, sobre ordenación de establecementos hoteleiros.

e) Real decreto 271/1988, do 25 de marzo, polo que se regula o exercicio das actividades propias das axencias de viaxes.

2. Así mesmo, quedan derogadas as ordes ministeriais que se relacionan a continuación:

a) Orde do Ministerio de Información e Turismo do 20 de novembro de 1964, pola que se regula o funcionamento do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas.

b) Orde do Ministerio de Información e Turismo do 17 de marzo de 1965, pola que se aproba a ordenación turística de restaurantes.

c) Orde do Ministerio de Información e Turismo do 18 de marzo de 1965, pola que se aproba a ordenación turística de cafetarías.

d) Orde do Ministerio de Información e Turismo do 28 de xullo de 1966, pola que se aproba a ordenación turística dos campamentos de turismo.

e) Orde do Ministerio de Información e Turismo do 17 de xaneiro de 1967, pola que se aproba a ordenación de apartamentos, bungalows e outros aloxamentos similares de carácter turístico.

f) Orde do Ministerio de Información e Turismo do 11 de agosto de 1972, pola que se aproba o Estatuto dos directores de establecementos de empresas turísticas e se ditan normas sobre inscrición no rexistro correspondente.

g) Orde do Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacions do 14 de abril de 1988, pola que se aproban as normas reguladoras das axencias de viaxes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xaneiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN